

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014921	CEIP de Fontes-Baíña	Baiona	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	3º Pri.	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Neste centro, aprobouse como proxecto anual a temática de "A Pintura"

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ao alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Cada Unidade Didáctica estará dividida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elexidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.
- Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais.
- Sección de volume: Realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
- Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...
- Sección lúdica: Xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As liñas	<p>Esta UD inicia as bases para este curso , a dinámica , a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do <Magosto>, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia e sempre tendo de fondo a temática da "Pintura"</p> <p>Neste trimestre tamén se traballará a Clavicémbalo coa representación de outono a través de follas e elementos da natureza</p> <p>Picasso con retratos cubistas onde o alumnado modifica os seus propios retratos (fotos)</p>	18	7	X		
2	Técnicas	<p>Refórzase e ampliase paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballarase de xeito máis destacado. Pintores galegos que plasmaron nas súas obras a celebración do entroido .</p>	18	6		X	
3	Pinceladas	<p>Esta unidade desenvolve os elementos dos contidos das unidades anteriores, afianzando os xa traballados e aplicalos nos deseños e composicións. Traballarase especialmente con pintores e artistas da</p>	24	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Pinceladas	zona. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	24	5			X
4	Picasso e o arte	Esta unidade didáctica inicia ao alumnado na vida de Pablo Ruiz Picasso. Traballarán as distintas etapas así como os distintos estilos cos que traballou este artista. Compararase con outros e outras artistas xa que é unha unidade a traballar ao longo de todo o curso e facendo fincapé sobre todo en artistas da zona.	40	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As liñas	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica a posición de elementos plásticos tendo en conta as técnicas especiais.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade e emprégaos nas súas composicións.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Traza, empregando a regra ,escuadro e cartabón, rectas paralelas e perpendiculares.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun mural grupal (combinando técnicas de picado, encartado e pegado) respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coida e emprega axeitadamente os recursos de traballo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións , elaborando informacións básicas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Emprega a cuadrícula no ordenador como referencia para copiar e representar modelos de maneira proporcionada.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Continua series con motivos xeométricos no ordenador. Realiza composicións empregando formas xeométricas .		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as TIC para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a procura de material para a creación dun mural grupal.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece e valora o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo a través do ordenador e valora a precisión dos resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de recepción activa. - Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado. - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. - Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	Técnicas	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Aproxímase á lectura dunha imaxe identificando os elementos fundamentais.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Recoñece as imaxes fixas e en movemento no seu entorno.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Coñece algunha das profesións dos ámbitos artísticos. Recoñece as características do traballo de profesionais da artesanía . Identifica algúns da súa contorna.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa en traballos grupais na aula recabando información de profesionais da contorna relacionados coa pintura, respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as producións creadas por diferentes profesionais artísticos.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica sensacións, elaborando informacións básicas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Realiza no ordenador as súas composicións organizando o espazo e buscando a proporción entre persoas e obxectos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Secuencia no ordenador unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón dun cómic.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Procura imaxes dixitais na internet, seleccionando , copiando e pegando ditas imaxes noutro documentos.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora o uso das TIC para documentarse.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Pinceladas	5

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece a simboloxía das cores frías e cálidas aplicando ditos coñecementos nas súas composicións.	TI	100
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica, analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza composicións plásticas con diferentes técnicas de debuxo partindo de contidos traballados en unidades anteriores (puntillismo, acuarela , témpera.....)		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha pinacoteca grupal de autorretratos, respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes con diferentes técnicas artísticas e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Organiza no ordenador o espazo das súas producións empregando os conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa de xeito positivo en actividades e xogos de ordenador sobre localización de obxectos ocultos , labirintos e deseño de paisaxes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas a través o ordenador.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de recepción activa. - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. - Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas. - Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Picasso e o arte	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece distintas técnicas e estilos de Picasso en obras doutros/as artistas	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece , lembra e describe os datos máis relevantes da vida de Picasso .		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona obras de Picasso entre outros/as artistas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Identifica e relaciona "as cores de Picasso" (rosa, azul....) e a súa simboloxía (personaxes de la farándula,dolor, tristeza)		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Coloca de xeito acertado etiquetas de cores coas emocións que espertan as versións de distintos cadros de Picasso .		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comprende e explica o visto e oído na aula sobre a historia e a obra de Picasso.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e valora as producións propias e alleas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece, lembra e distingue o tema das obras plásticas de Picasso traballadas na aula.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega as TIC de xeito responsable para a procura, creación e difusión da obra de Picasso		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e interésase polas producións de Picasso e comparaas coas doutras/as artistas como Frida Kaho traballando igualmente as sensacións e emocións que transmite con distintas cores que emprega nas súas obras.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora co ordenador deseños cubistas . Crear posters temáticos con inserción de ollos, nariz , boca etc.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de xeito positivo amosando interese na visita virtual ao museo Picasso de Barcelona		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras de Picasso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.

Contidos

- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que

aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador con diferentes aplicacións de programas de software libre (plan dixital) : reprodución de audio e vídeo , editor ..
Autofalantes
Ceras. rotuladores , lapis de cores, pegamento e tesoiras....
Pinceis e témperas.
Bloc de debuxo e cartolinas
Estoxo
Pasta de modelaxe
Regla , escuadra e cartabón

Imaxes da obra de Picasso
Diseños incompletos da obra de Picasso.
Láminas con obras doutros artistas ...
Páxina web do centro

O centro conta cunha aula ampla para a impartición de Educación Plástica . Esta aula dispón de ventanais que permiten a entrada de luz natural e é suficientemente ampla podendo contar con diferentes zonas para almacenar o material a empregar nas distintas actividades.

O centro conta tamén cunha aula de informática que forma parte da biblioteca creativa que dispón de varios ordenadores conectados á pantalla dixital , a impresora etc favorecendo o traballo coas novas tecnoloxías . Nesta aula hai varias zonas de recunchos para traballar distintas actividades .

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fóra un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal estivera entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal estivera entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte: -Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD. Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquiera os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade ,espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres .	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos .		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible .	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais mais específicos como 6,8 e 9 traballarase con regularidade en cada unha das unidades con diferentes actividades que fagan referencia ou alusión a eses contidos. O elemento 7 traballarase de xeito especial no segundo trimestre a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Decorar as aulas e corredores trimestralmente	Decoración cos traballos propostos para celebrar as distintas conmemoracións escolares realizadas.
Exposicións dos traballos realizados en cada unidade didáctica	Exposición dos traballos realizados en diferentes espazos: recuncho artístico na aula, corredores, espazos comúns, etc
Exposición con invitación ás familias.	No 3º trimestre exposición guiada das obras de Picasso polo alumnado
Colaboración na páxina web do centro	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar (vídeo,,etc)

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado .
Aportouse información ao personal docente titor .

Funcionalidade da programación : revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD
Usáronse distintos instrumentos de avaliación .
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia .
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Apoíouse a implicación das familias no traballo do alumnado .

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro. A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.

-Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados